

A COR
DAS
PALABRAS
2019

ENCON-
TROS
CON
CINEASTAS

OLIVER LAXE

Oliver Laxe (París, 1982) medrou entre Francia, España e Marrocos. Todas as súas longametraxes foron premiadas no Festival de Cannes: *Todos vós sodes capitáns* recibiu o premio FIPRESCI na Quinzaine des Réalisateurs en 2010 e *Mimosas* obtivo o Gran Premio da Semaine de la Critique en 2016 e o Premio Especial do Xurado no Festival de Sevilla. En 2019 fai historia con *O que arde*, Premio do Xurado da Sección Oficial - Un Certain Regard e primeira longametraxe en galego que se proxecta no Festival de Cannes.

A ESENCIA DO LUME Apuntamentos sobre o proceso creativo de *O que arde*

Sábado 12
de outubro ás 11:30

Cinema NUMAX
Concepción Arenal, 9

Entrada gratuíta
até completar aforo

Reservas en
acordaspalabras@santiagodecompostela.gal

www.compostelacultura.org
CompostelaCapitalCultural
@CCultura

CONCELLO DE
SANTIAGO

O QUE ARDE

Oliver Laxe, 2019

599

ESTREA EN NUMAX: 11.10.2019 | V.O. | +7

O que arde (2019, 85')

Dirección: Oliver Laxe

Guión: Oliver Laxe, Santiago Fillol

Elenco: Amador Arias, Benedicta Sánchez, Inazio Abrao, Elena Fernández, David de Poso, Álvaro de Bazal

Son: David Machado, Sergio da Silva, Amanda Villavieja, Xavi Souto

Montaxe: Cristóbal Fernández

Dirección de arte: Luis Bértolo

Vestuario: Nadia Acimi

Fotografía: Mauro Herce

Produtoras: Miramemira, 4 a 4 Productions, Tarantula, Kowalski Films (España, Francia, Luxemburgo)

Distribuidora: NUMAX Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Galego

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Premio do Xurado - Un Certain Regard; Premio á mellor creación sonora), Donostia 2019 (Perlas; Premio San Sebastián-Gipuzkoa Film Comission), Toronto 2019 (Wavelength), Nova York 2019, Karlovy Vary 2019

FILMOGRAFÍA

O que arde, 2019

Mimosas, 2016

Todos vós sodes capitáns, 2010

París #1, 2008 [curtametraxe]

Suena la trompeta, ahora veo otra cara, 2007 [curtametraxe]

Y las chimeneas decidieron escapar, 206 [curtametraxe]

SINOPSE

Ninguén agarda a Amador cando sae da cadea tras cumprir condena por ter provocado un incendio. Regresa á súa casa, unha aldea perdida das montañas lucenses, onde volverá convivir coa súa nai Benedicta, a súa cadela Luna e as súas tres vacas. As súas vidas transcorren ao ritmo sosegado da natureza, ata que todo cambia cando un lume violento arrasa a zona.

«Dunha beleza tan provocadora como hipnótica»

Luis Martínez, EL MUNDO



Notas de intención

Oliver Laxe

O LUME

Galicia é unha das rexións con maior número de incendios forestais de Europa. É unha terra extremadamente fértil, na que a flora medra e medra sen parar. Se á presenza de tanto combustíbel lle sumamos os cada vez máis imprevisíbeis comportamentos do tempo motivados polo cambio climático, as crecentes secas e a hemorraxia demográfica do rural, o resultado da ecuación fai do campo galego un auténtico polvorín.

Moitos destes lumes son causados por raios e por diferentes tipos de negligencias azarosas, como por exemplo o lume que escapa ao control dos campesiños cando o empregan para limpar o monte ou rexenerar a terra. Pero unha boa parte destes son provocados: o lume que fascina, o lume que se emprega como arma de vinganza política, o lume que recalifica o uso dos terreos, o que fai baixar os prezos da madeira, o que procura cada ano a algúns políticos contratos astronómicos, o que prolonga os meses de traballo do servizo de extinción.

Asistimos todos os anos abraizados á destrución despiadada do noso patrimonio. E a opinión pública busca culpábeis, quere sangue. Non cabe dúbida que a figura do incendiario é a día de hoxe unha das máis demonizadas. E é normal que así sexa. Pero é unha figura abstracta, misteriosa, mal chamada *pirómano*: un saco no se inclúen a todos os malféitores do fogo.

“Na cuestión do lume todos somos culpábeis por ter crido na relixión das cidades”

Eu participo desa rabia colectiva. Pero ao mesmo tempo hai algo me que interpela cando vexo que unha sociedade se pon de acordo en contra dun individuo que carga con toda a responsabilidade. E esa sospeita acentúase cando vexo que se dá sobre o xa de por si aldraxado campesiñado, no que recaen todas as culpas. Coido que na cuestión do lume todos somos un pouco culpábeis por ter crido e participado na relixión das cidades, pola nosa propia responsabilidade no atrofiamento e desmantelamento dos campos.

Fixen un filme sobre un home, Amador Coro, do que sabemos desde a segunda secuencia que foi condeado por provocar un incendio. Pero, é Amador culpábel? Será quen de se reconciliar co mundo e a natureza? É un reincidente sen remedio? Ou é en realidade inocente? Facémonos algunhas destas preguntas ao inicio do filme, pero pouco as pouco as dialécticas esvaece. Desaparecen a medida que compartimos o día a día de Amador e a súa nai Benedicta cos seus animais, ao sentir como coidan docemente os uns dos outros, como afrontan os rigores do clima mentres atravesan os fondos vales, como secan logo as súas roupas e os seus pés ante a cociña de leña mentres a choiva persistente peta encol das súas cabezas. Queríamos que chegado certo momento do filme a empatía se instalase e as preguntas se disolvesen, que chegásemos mesmo a querer a Amador. Chegar a sentir a súa fonda inadaptación, o seu sufrimento contido, a súa cicatriz espiritual... unha cicatriz que é á que todos temos.

GALICIA

Nacín en París, son fillo de galegos que se coñeceron naqueles bailes de migrantes que se celebraban na Sala Bataclán. A primeira lembranza que teño das montañas dos Ancares remóntase a cando tiña uns catro ou cinco anos. Ao igual que a maioría dos migrantes cada verán volviamos a España. O meu avó agardábamox xunta o seu burro para levar a nosa equipaxe a casa, situada ao remate dun longo camiño de cabras. Accediamos entón a outro mundo, ao corazón das montañas, alí onde algunhas xentes aínda vivían nunha digna e soberana submisión aos elementos. Nunha humilde aceptación da natureza da que dependían, a mesma que lles lembraba acotío que a súa existencia era efémera. As actitudes e valores dos meus avós marcáronme para sempre, fixéronme cineasta. Vivín en Galicia desde os seis aos vinte anos, logo pasei por Barcelona e Londres e a continuación instaleime en Marrocos durante dez anos. Pero este val perdido de Galicia foi sempre o meu verdadeiro fogar, a miña raíz. Alí filmamos este filme, canda os meus veciños e familia.

“Quixen capturar beleza intensa e imprevisíbel de Galicia e os Ancares”

Galicia e Os Ancares están feitos de contrastes: son doces e ásperos, chuviosos e luminosos. É ante todo unha terra misteriosa, paradoxal e contraditoria. Quixen capturar a súa beleza intensa e imprevisíbel, que non coñece mesura.



Os 10 filmes favoritos de Oliver Laxe

O espello (Zerkalo, Andrei Tarkovski, 1975)

Andrei Rublev (Andrei Tarkovski, 1966)

Stalker (Andrei Tarkovski, 1979)

Au hasard Balthazar (Robert Bresson, 1966)

As estacións (Vremeda goda, Artavadz Pelechian, 1975)

O sabor do sake (Sanma no aji, Yasujiro Ozu, 1962)

A illa espida (Hadaka no shima, Kaneto Shindo, 1960)

Close Up (Abbas Kiarostami, 1990)

Ordet (Carl-Theodor Dreyer, 1955)

Francisco, xograr de Deus (Francesco giulliare di Dio, Roberto Rossellini, 1950)

AMADOR

En cada un dos meus filmes é o encontro coas persoas reais o que me ofrece unha gran parte do que desexo filmar, de que os meus personaxes sexan encarnados. Sucedía con Shakib Ben Omar en *Todos vós sodes capitáns* e en *Mimosas*, sucede agora con Amador Arias n'*O que arde*.

Amador, que curiosamente foi garda forestal na vida real, interpreta un dos arquetipos máis respondidos do rural español: o fillo varón solteiro. Amador Arias interpreta o propio Amador. O nome do meu personaxe era en principio outro, pero pareceume un interesante signo o seu verdadeiro nome. Visto pola maioría da xente como o que destrúe, pode que no fondo Amador sexa o que máis ama de todos.

“Hai unha verdade conmovedora na mirada melancólica de Amador, nos seus ombreiros caídos”

Hai unha verdade conmovedora na mirada melancólica de Amador, nos



seus ombreiros caídos. Unha mestura de beleza e sufrimento. Unha persoa sensíbel e fráxil, pero que non posúe as ferramentas necesarias para vivir neste mundo, tan duro coa fragilidade. A loucura do mundo e o sufrimento da natureza parecen atopar neste home unha válvula de escape. O lume purifica, si. E os mártires, auténticas figuras expiatorias, tamén purifican a comunidade á que pertencen.

BENEDICTA

Cando Amador sae de prisión e se dirixe directamente á casa da nai, ela ergue a testa e preguntalle: «Tes fame?», coma se non viñese de saír da cadea, como se estivese alí sentado o día anterior, silencioso xunta o lume. O amor de Benedicta por Amador non ten límites. Culpábel ou non, Amador é o seu fillo, e iso é o que importa.

Ao igual que Amador, quixen conservar o seu verdadeiro nome. Benedicta foi á súa maneira unha bendición para o noso filme. Esta muller ten agora

85 anos... Tiñan que vela camiñar polo monte como unha adolescente... Dáballe igual ensaiar ou filmar baixo a chuva durante horas. Foi unha profesional infatigábel

Esta foi a primeira experiencia de Benedicta e Amador como actores de cinema. Sempre se dá unha relación complexa entre persoa e personaxe. Se o Amador do filme se alinea co Amador da vida real, a Benedicta do filme é, porén, algo diferente. Ela é en realidade moito máis enérxica. Eu temía que a súa intensidade levase a unha conclusión apresurada e reducionista: que Benedcita fose a nai castradora e Amador o neno esmagado. Quería evitar a toda costa este tipo de lecturas psicolóxicas un pouco superficiais ás que ás veces nos convida o cinema, máis relacionadas coa personalidade e o ego dos personaxes que coa súa esencia. Esquivar a personalidade de Benedicta permitiunos precisamente aproximarnos a algo máis esencial nela mesma e por tanto no propio espectador.